



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 52

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.dicoruna.es

WEB: www.boqueixon.com

RESOLUCIÓN

Vista a necesidade de seleccionar a 2 traballadores desempregados a través do programa **ACONDICIONAMENTO DO LOCAL SOCIAL DE CODESO E ACCESO CAMPO FUTBOL DE O FORTE**, núm. de expediente **TR351A 2010/142-1** subvencionado pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia ó abeiro da Orde do 19 de febreiro de 2010, e despois de ter presentado 1 oferta de solicitude de candidatos/as no Servizo Público de Emprego de Santiago Norte con data do 23 de xuño de 2010, para a contratación de 2 albaneis oficiais de 1ª co grupo de cotización 8, tal e como establece a citada Orde,

RESOLVO:

APROBAR AS BASES PARA A PROVISIÓN, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL, DE 2 PRAZAS PARA O ACONDICIONAMENTO DO LOCAL SOCIAL DE CODESO E ACCESO Ó CAMPO DE FUTBOL DE O FORTE

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA

Ten por obxecto a contratación de 2 persoas para o desempeño das labouras de albanel oficial de 1ª. As categorías ofertadas son: 2 albaneis oficiais de 1ª. A modalidade contractual será a dun contrato baixo a modalidade de obra ou servizo (interese social) a tempo completo.

SEGUNDA: DURACIÓN DO CONTRATO

A DURACIÓN DO CONTRATO REALIZARASE DENDE A SINATURA DO MESMO POR UN PERÍODO DE 6 MESES DE CONTRATACIÓN

TERCEIRA: REQUISITOS

Para a admisión dos aspirantes será necesario cumprir os seguintes requisitos xerais:

- 1 Ser español (copia do NIF) ou membro da Unión Europea
- 2 Ter cumprido os 18 anos.
- 3 Estar en desemprego inscrito no Servizo Público de Emprego e preseleccionado pola Oficina de Emprego de Santiago Norte.
- 4 Non padecer enfermidade ou defecto físico que inhabiliten para o desempeño normal das funcións que son obxecto do presente contrato
- 5 Non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidade Locais, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de postos de traballo nas Administracións Públicas por sentenza xudicial firme ou resolución administrativa.

6 Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Ley 53/1994 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal o servizo das administracións públicas.

7 Estar en posesión do permiso de conducir B1

CUARTA: CONVOCATORIA

En cumprimento do artigo 12º da Orde do 19 de febreiro de 2010, da Consellería de Traballo e Benestar, o Concello de Boqueixón presenta oferta no Servizo Público de Emprego

QUINTA: COMISIÓN SELECCIONADORA.

Tódolos membros da comisión seleccionadora terán unha titulación igual ou superior á praza a seleccionar:

PRESIDENTA: MARIA CRUZ FERREIRO SANÍN, SUPLENTE: ROSARIO IGLESIAS IGLESIAS

SECRETARIA: INMACULADA BEGOÑA BEIS GÓMEZ. SUPLENTE: ANSELMO CAEIRO VILAR

VOGAL 1: RAQUEL RICO QUIROGA, SUPLENTE: LOURDES GARCÍA ABEIJÓN

VOGAL 2: PILAR PAZOS SANTASMARINAS, SUPLENTE: FRANCISCO NEIRA LEÓN

VOGAL 3:ADELA LAMELA ARTEAGA, SUPLENTE: LUCÍA VELEIRO FERREIRO

A comisión seleccionadora non poderá constituirse sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso será preciso a asistencia do presidente e o secretario.

As actuacións da Comisión seleccionadora serán recurribles conforme o establecemento na Lei 30/1992 do Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común.

A comisión reunirse para a realización das probas escritas e da entrevista de selección, e determinará os candidatos seleccionados quedando os dous de maior puntuación contratados e os demais coma suplentes atendendo a puntuación acadada, e proporase ó Sr. Alcalde a súa contratación.

SEXTA: SELECCIÓN DOS CANDIDATOS

6.1 Este proceso consta de 2 fases:

- Nunha primeira fase realizarase unha proba escrita tipo test dirixida a determinar os coñecementos dos aspirantes sobre a profesión e o entorno territorial de Boqueixón. O test constará de 20 preguntas. Cada resposta correcta terá unha puntuación de 1 punto e cada resposta incorrecta restará 1 punto. Esta fase terá unha puntuación total de 20 puntos. Duración: será de 30 minutos de duración. A proba realizarase con data do 8 de xullo de 2010 ás 11:00 horas. Esta fase é excluínte, os candidatos teñen que acadar una puntuación mínima de 10 puntos para poder presentarse á fase de entrevista.

- Nunha segunda fase realizarase unha entrevista persoal dirixida a determinar a adecuación e o interese do candidato polo posto de traballo. Esta fase terá unha valoración máxima de 10 puntos. A entrevista realizarase con data do 8 de xullo de 2010, a partir das 11:30 horas.

Para superar o proceso selectivo os candidatos deben acadar una puntuación global mínima entre as dúas probas de 15 puntos.

6.2. Rematado o proceso de selección, a comisión elaborará unha relación de admitidos e suplentes que se fará pública nos taboleiros de anuncios do Concello de Boqueixón a partir do día 9 de xullo de 2010.

Nota: os empates producidos nas puntuacións obtidas por 2 ou máis candidatos/as na puntuación final dirimirase por orden alfabético.

SÉTIMA. FORMALIZACIÓN DE CONTRATOS

Os candidatos/as seleccionados/as presentarán copia do NIF, cartilla da Seguridade Social e Tarxeta de Demandante de Emprego, e un certificado médico no que se faga constar que reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias para o desenvolvemento das tarefas obxeto da convocatoria.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación, o alcalde dacordo coa proposta do tribunal calificador, procederá a formalizar o correspondente contrato a maior brevidade.

Será competencia do Alcalde a formalización dos contratos laborais cos aspirantes seleccionados, os cales deberán incorporarse ós seus postos de traballo.

O contrato axustarase á modalidade de obra ou servizo (interese social), a tempo completo.

OCTAVA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATOS

Para o previsto nestas bases será de aplicación a Lei 7/1985 de 2 de abril, así como cantas normas de igualdade ou superior rango sexan aplicables. A convocatoria, bases e actos administrativos derivados da mesma serán recurribles nos términos previstas na Lei 30/1992 e na Lei 29/1998

Sen prexuízo do carácter administrativo dos actos que integran o procedemento da selección fiscalizables ante a xurisdicción contencioso – administrativo, o réximen xurídico dos contratos será o da lexislación laboral, correspondendo ós xulgados do social o coñecemento das cuestións que se deriven do incumprimento dos mesmos.

En Boqueixón, o 24 de xuño de 2010

Don Adolfo Gacio Vázquez
O alcalde de Boqueixón

